

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

2307 *REAL DECRETO 218/2004, do 6 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie aos produtores de determinados produtos agrícolas.* («BOE» 33, do 7-2-2004.)

A reforma da política agrícola común da Unión Europea, aprobada no mes de xuño de 2003, foi recollida e sistematizada en diferentes regulamentos. O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, establece as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común, insta a partir de a campaña 2004/2005 novos réximes de axuda e modifica diferentes regulamentos, e o Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión, do 23 de decembro de 2003, establece normas detalladas de aplicación de determinados réximes de axuda previstos no título IV do citado regulamento do Consello. Isto afecta a algunhas disposicións para a aplicación do Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, para a campaña de comercialización 2004/2005 (campaña de sementeira 2003/2004). En consecuencia, cómpre introducir nel algunhas modificacións, que se recollen neste real decreto.

Na elaboración deste real decreto foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro de 2004,

DISPONGO:

Artigo único. Modificación do Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie aos produtores de determinados produtos agrícolas.

O Real decreto 1026/2002, do 4 de outubro, sobre pagamentos por superficie aos produtores de determinados produtos agrícolas, modifícase nos seguintes termos:

Un. No preámbulo substitúese o cuarto parágrafo polo seguinte:

«O regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, no capítulo 3 do seu título IV, dispón a concesión dunha axuda específica por hectárea aos produtores comunitarios de arroz.»

Dous. A alínea b) do artigo 1.1 queda redactada como segue:

«b) Axuda específica por hectárea aos produtores de arroz, establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran

determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001.»

Tres. Engádese unha alínea d) ao artigo 1.1 coa seguinte redacción:

«d) Primas específicas por hectárea á calidade do trigo duro, ás proteaxinosas e aos cultivos enerxéticos, establecidos no Regulamento (CE) n.º 1782/2003.»

Catro. No artigo 12, engádese un punto 5 coa seguinte redacción:

«5. Non obstante, para a campaña de comercialización 2004/2005 a retirada total de terras das explotacións, é dicir, a suma da retirada obrigatoria e a voluntaria, poderá ser de ata o 20 por cento da superficie para a cal se solicite axuda, sen prexuízo de que a dita porcentaxe poida ser incrementada, de conformidade coas normas ditadas, para determinadas zonas e comarcas, polas comunidades autónomas competentes, de acordo co establecido no artigo 19.»

Cinco. O punto 1 do artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«1. As axudas específicas aboaranse ás parcelas agrícolas completamente utilizadas e catastradas como de regadío con anterioridade ao 20 de decembro de 1998 ou, no seu defecto, as que, nesa data, reunían algún dos seguintes requisitos:

a) Figurar inscritas como de regadío nun rexistro público establecido pola comunidade autónoma competente.

b) Ter percibido pagamentos compensatorios na campaña 1998/1999.»

Seis. O punto 3 do artigo 20 queda redactado da seguinte forma:

«3. As parcelas afectadas por unha solicitude de axuda específica aos produtores de arroz non poden ser obxecto de ningunha outra solicitude por superficie na mesma campaña.»

Sete. O artigo 21 substitúese polo seguinte:

«Artigo 21. *Cálculo e comunicación das posibles superacións de superficie.*

1. A superficie básica nacional de arroz establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 queda dividida en 10 subsuperficies básicas correspondentes a cada unha das comunidades autónomas produtoras de arroz, cuxa dimensión é a que figura no anexo 2 bis.

2. Antes do 31 de outubro de cada campaña, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en función das solicitudes presentadas e depuradas como consecuencia dos controis realizados ata esa data, calculará e comunicarlles ás comunidades autónomas, en caso de superación das superficies básicas nacionais, ou rexionais, a taxa de penalización correspondente.»

Oito. O artigo 22 substitúese polo seguinte:

«Artigo 22. *Declaracións obrigatorias de produtores e industriais arroceiros.*

1. Os produtores de arroz que se acollan ao sistema de axuda específica deben realizar as seguintes declaracións:

a) Antes do 15 de outubro de cada campaña, declaración de existencias no seu poder en 31 de agosto anterior.

b) Antes do 15 de novembro de cada campaña, declaración da produción obtida e da superficie utilizada.

En ambas as declaracións desagregaranse as superficies, tipos e variedades de arroz, de acordo co establecido no artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003.

Estas declaracións serán presentadas ante a comunidade autónoma onde se presentase a solicitude de axuda específica.

2. Os industriais arrocceiros deberán realizar, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde se encontre almacenado o arroz, antes do 15 de outubro de cada campaña, unha declaración das existencias de arroz que se encontren no seu poder en 31 de agosto anterior, desagregadas tal como establece o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1709/2003.»

Nove. A alínea b) do artigo 23 queda redactada do seguinte modo:

«b) A axuda específica aos produtores de arroz establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003.»

Dez. Engádesse unha alínea f) ao artigo 23, coa seguinte redacción:

«f) A axuda aos cultivos enerxéticos (anexo 9), a prima ás proteaxinosas e a prima específica á calidade do trigo duro, establecidas no Regulamento (CE) n.º 1782/2003. En relación coa prima específica á calidade do trigo duro en zonas tradicionais, as variedades que serán susceptibles de se acolleren a esta prima na campaña de comercialización 2004/2005 son as que se recollen no anexo 10.»

Once. No artigo 23, engádesse un punto 3 coa seguinte redacción:

«3. A superficie mínima por solicitude das axudas específicas para o arroz e os cultivos enerxéticos, as primas específicas á calidade do trigo duro e ás proteaxinosas será de 0,3 hectáreas por cada tipo de cultivo.»

Doce. O punto 1 do artigo 25 substitúese polo seguinte:

«1. A solicitude de axuda dirixirase ao órgano competente da comunidade autónoma no territorio do cal radique a explotación ou a maior parte das parcelas desta. Poderanse presentar en calquera dos lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Trece. A alínea a) do artigo 31 substitúese polo seguinte:

«a) No período comprendido entre o 16 de novembro e o 31 de xaneiro do ano seguinte á colleita, os pagamentos por superficie correspondentes a cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, liño non téxtil, liño e cânabo para a produción de fibras e retirada de terras, excepto no caso recollido na alínea c), e o suplemento de pagamento e a axuda especial para o trigo duro. As axudas específicas á calidade do trigo duro, ás proteaxinosas, ao arroz e aos cultivos enerxéticos aboaranse no período comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de xuño do ano natural seguinte.»

Catorce. No artigo 31 suprímese a alínea d).

Quince. No artigo 31 as alíneas e) e f) pasan a ser, respectivamente, d) e e).

Dezaseis. Engádesse un artigo 33 coa seguinte redacción:

«Artigo 33. *Comunicacións das comunidades autónomas ao FEGA.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), como organismo de coordinación de organismos pagadores, recibirá e daralle traslado á Comisión Europea da información de superficies, eventuais excesos e penalizacións que se deban aplicar segundo se prevé na normativa comunitaria. Co fin de que, nos prazos regulamentarios, se poida dar cumprimento ao anterior e ao disposto nos artigos 7 e 21 deste real decreto, as comunidades autónomas remitiranlle ao FEGA a información de superficies antes das datas seguintes:

a) Antes do 31 de agosto:

1.º As superficies de cultivos herbáceos e retiradas, segundo se prevé no artigo 26.a) do Regulamento (CE) n.º 2316/1999, da Comisión.

2.º As superficies de arroz por variedades, de acordo co previsto no artigo 18.2.a).ii do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión.

3.º As superficies de leguminosas para gran, de acordo co previsto no artigo 3.a) do regulamento (CEE) n.º 1644/96 da Comisión.

4.º As superficies de prima específica á calidade do trigo duro, de prima ás proteaxinosas e da axuda aos cultivos enerxéticos, de acordo co previsto no artigo 5.a) do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión.

b) Antes do 15 de outubro:

1.º As superficies de cultivos herbáceos e retiradas, segundo se prevé no artigo 26.b) do Regulamento (CE) n.º 2316/1999.

2.º As superficies de arroz por variedades, de acordo co previsto no artigo 18.2.b) do regulamento (CE) n.º 2237/2003.

3.º As superficies de leguminosas para gran, de acordo co previsto no artigo 3.b) do Regulamento (CEE) n.º 1644/96.

4.º As superficies de prima específica á calidade do trigo duro, ás proteaxinosas e da axuda aos cultivos enerxéticos, de acordo co previsto no artigo 5.b) do Regulamento (CE) n.º 2237/2003.

c) Antes do 31 de xaneiro do ano seguinte á colleita, as superficies de cultivos herbáceos e retiradas, segundo se prevé no artigo 26.c) do Regulamento (CE) n.º 2316/1999.

d) Antes do 15 de xullo do ano seguinte á colleita:

1.º As superficies de arroz por variedades, de acordo co previsto no artigo 18.2.c) do Regulamento (CE) n.º 2237/2003.

b) As superficies de prima específica á calidade do trigo duro, ás proteaxinosas e da axuda aos cultivos enerxéticos, de acordo co previsto no artigo 5.c) do Regulamento (CE) n.º 2237/2003.

2. Respecto ás superficies de axuda aos cultivos enerxéticos, e as superficies de retirada da produción para cultivos con destino non alimentario:

a) Antes do 31 de agosto, os rendementos representativos establecidos polas comunidades autónomas, segundo se dispón nos artigos 9.2 do Regulamento (CE) n.º 2461/1999 da Comisión, e 39 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003 da Comisión.

b) Antes do 15 de setembro do ano seguinte, a información prevista no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 2461/1999 e no artigo 54 do Regulamento (CE) n.º 2237/2003.»

Dezasete. Engádense os anexos 2 bis, 9 e 10 e substitúese o anexo 7, que se inclúen no anexo deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación para a campaña de comercialización 2004/2005.

Dado en Madrid o 6 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO

«ANEXO 2 bis

Subsuperficies de base de arroz (hectáreas)

Comunidades Autónomas	Hectáreas
Andalucía	34.795»
Aragón	12.017»
Baleares, Illes	50»
Castilla-La Mancha	370»
Cataluña	20.850»
Extremadura	20.486»
Murcia	400»
Navarra	1.580»
La Rioja	75»
C. Valenciana	14.350»
Total	104.973»

«ANEXO 7

Información mínima contida nas solicitudes de axuda por superficie

I. Información xeral.

1. Os datos persoais do titular da explotación: apelidos e nome ou razón social; NIF ou CIF; domicilio (con rúa ou praza e o seu código postal, municipio e provincia), teléfono e apelidos e nome do representante legal no caso das persoas xurídicas, co seu NIF.

2. Os datos bancarios, con indicación da entidade financeira, así como das cifras correspondentes ao código de banco e ao de sucursal, os dous díxitos de control e o da conta corrente, cartilla, etc., onde se queira recibir os pagamentos.

3. Declaración de que o titular da explotación coñece as condicións establecidas pola Unión Europea e o Estado español relativas aos cultivos declarados.

4. Compromiso de destino non alimentario para os cultivos incluídos no anexo II do Regulamento (CE) n.º 2461/1999.

5. Compromiso expreso de colaborar para facilitar os controis que efectúe calquera autoridade competente para verificar que se cumpren as condicións regulamentarias para a concesión das axudas.

6. Compromiso expreso de devolver os anticipos ou axudas cobradas indebidamente, por requirimento da autoridade competente, incrementados, se é o caso, cos xuros correspondentes.

7. Declaración de que non presentou ningunha outra solicitude, por este concepto, nesta campaña.

8. Declaración formal de que todos os datos indicados son verdadeiros.

9. As advertencias contidas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e demais normativa vixente.

II. Declaración expresa do que solicita.

1. Pagamentos por superficie para os cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, liño non téxtil, liño e cânabo destinados á produción de fibras) e, se é o caso, para as superficies retiradas da produción.

2. Suplemento de pagamento para o trigo duro en zonas tradicionais, ou axuda específica.

3. Prima específica á calidade do trigo duro.

4. Axuda específica aos produtores de arroz.

5. Prima específica a as proteaxinosas.

6. Axuda específica aos cultivos enerxéticos.

7. Pagamentos por superficie para certas leguminosas gran.

8. Consideración das superficies forraxeiras declaradas para o cálculo do factor de densidade gandeira.

9. Consideración das superficies de algodón e lúpulo para efectos da declaración preceptiva. No caso do lúpulo, deberase indicar ano de plantación, densidade de plantación e, se o titular está afiliado a unha agrupación de produtores agrarios, o de afiliación da dita agrupación.

III. Relación de parcelas agrícolas.

Deberanse incluír todas as parcelas da explotación, segundo se dispón no artigo 24 deste real decreto.

Para cada unha das parcelas agrícolas, indícase:

1. As referencias identificativas, que serán as alfanuméricas correspondentes á parcela ou ás parcelas catastrais que, en todo caso ou en parte, constitúen a correspondente parcela agrícola. Non obstante, naqueles termos municipais onde exista o Sistema de Información Xeográfica (SIXPAC), as referencias que se consignen na declaración serán as correspondentes a este sistema.

2. A superficie da parcela agrícola en hectáreas, con dous decimais.

3. Sistema de explotación: secaño ou regadío, segundo proceda.

4. A especie cultivada, con mención da variedade sementada cando se trate de trigo duro, colza, arroz, cânabo e liño para a produción de fibras, lúpulo e algodón.

Se é o caso, que a parcela agrícola en cuestión debe ser computada como superficie forraxeira, sen percibir os pagamentos por superficie para os cultivos subvencionables sementados nelas. Cando así proceda, por decisión do solicitante, diferenciaranse as parcelas agrícolas, sementadas de cultivos subvencionables (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas,

liño non téxtil, arroz e certas leguminosas) para as que non se desexan obter os pagamentos ou non se desexe a súa consideración como superficies forraxeiras para os efectos de cálculo do factor de densidade gandeira.

5. No caso do liño e do cânabo para a produción de fibras:

a) A data de sementeira e a dose de semente utilizada.

b) En caso de se cultivaren distintas variedades nunha mesma parcela agrícola, identificación da situación de cada variedade na devandita parcela.

6. O tipo de barbeito ou de retirada do cultivo: barbeito tradicional; retirada, especificando se se trata de retirada fixa ou libre. En todos os tipos de retirada indícarase se se mantén a terra núa ou cunha cuberta vexetal.

Nas parcelas declaradas como retiradas en que se cultive, nos termos regulamentarios, algún produto con destino non alimentario, expresárase, ademais do tipo de retirada, a especie cultivada, con indicación do rendemento previsto en quilogramos por hectárea por cada especie e variedade para os cultivos anuais e, para os cultivos plurianuais, a duración do ciclo de cultivo e a periodicidade previsible de colleita.

Nos casos en que a mesma especie se cultive en parcelas declaradas como retiradas da produción e en parcelas non retiradas, para as que se soliciten pagamentos, deberase indicar na propia solicitude ou no contrato anexo, tamén para estas últimas parcelas, a especie, variedade e colleita prevista.

7. Nas parcelas declaradas para a produción de cultivos enerxéticos expresárase a especie cultivada e a superficie ocupada por cada especie.

8. O barbeito ambiental e a repoboación forestal, conforme o Regulamento (CE) n.º 1257/1999, declaráranse por separado con indicación:

a) Da superficie que se debe computar para o cumprimento dos índices comarcais de barbeito para as terras de cultivos herbáceos de secaño para a campaña en cuestión, no caso do barbeito ambiental.

b) Da superficie que se debe computar para o cumprimento da obriga de retirada de cultivo prevista no Regulamento (CE) n.º 1251/1999.

c) Da superficie distinta ás indicadas nos dous parágrafos anteriores.

9. A superficie declarada para os efectos do cálculo do factor de densidade gandeira da explotación, con indicación expresa, se é o caso, da que sexa considerada como "terra de pastoreo" e o tipo de aproveitamento desta.»

«ANEXO 9

Utilización de terras con fins enerxéticos

I. Obrigas dos solicitantes da axuda específica para a produción de cultivos enerxéticos recollidos no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Os titulares de explotacións agrarias que utilizan a totalidade ou parte da superficie da súa explotación, excluída a retirada do cultivo, para producir materias primas con fins enerxéticos, deberán:

a) Formalizar un único contrato por materia prima cultivada, cun primeiro transformador, polo que o solicitante quedará obrigado a entregar a totalidade da materia prima recolectada na superfi-

cie contratada ao primeiro transformador, e este, a facerse cargo desta entrega e a garantir a utilización na Unión Europea dunha cantidade equivalente á materia prima entregada, na fabricación dun ou varios produtos finais contemplados no artigo 88 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. No contrato deberá figurar a colleita prevista.

b) Presentar xunto coa solicitude de axuda o contrato formalizado co primeiro transformador.

c) En caso de que o contrato sexa modificado ou anulado, antes da data límite establecida para a modificación das solicitudes, deberallo comunicar á comunidade autónoma ante a que se presente a solicitude de axuda por superficie, e presentar a correspondente modificación da solicitude.

d) Cando por razóns excepcionais o solicitante non poida subministrar a cantidade de materia prima indicada no contrato, deberallo comunicar á comunidade autónoma en que presentou a súa solicitude para que autorice a súa modificación ou rescisión.

e) Acreditar, antes do 31 de outubro, ante a comunidade autónoma onde se presentou a solicitude de axuda «superficies», a entrega da colleita obtida, indicando a cantidade total de materia prima recolectada e entregada de cada especie, con identificación do primeiro transformador ao que lle fixo entrega daquela. No caso dun cultivo bianual haberá que atermos ao disposto no artigo 42 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

Queda excluída como materia prima para a produción de produtos enerxéticos o cultivo de remolacha azucreira.

II. Obrigas dos primeiros transformadores de materias primas con fins enerxéticos.

1. Os primeiros transformadores deberán presentar, ante a comunidade autónoma en que se encontren establecidos:

a) Os contratos subscritos cos agricultores nas condicións especificadas na normativa comunitaria antes da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes de axuda.

b) Non máis tarde da data de presentación de solicitudes, unha garantía igual ao produto de 60 euros/hectárea polas superficies obxecto de contrato no marco do presente réxime, co fin de garantir a súa correcta execución e o destino regulamentario da materia prima contratada.

No caso de un cultivo bianual, a garantía constituirase no primeiro ano de cultivo.

A garantía depositada polo primeiro transformador poderá ser liberada a rateo por cada materia prima cando a autoridade competente teña a proba de que a cantidade de materia prima en cuestión foi transformada respectando a normativa comunitaria.

Nos casos en que o contrato se modifique ou rescinda despois de que o solicitante presentase a solicitude de axuda «superficies», nas condicións previstas na normativa comunitaria, a garantía constituída poderase adaptar convenientemente.

2. No caso de que o primeiro transformador venda a materia prima a un segundo transformador, comunicarlle á comunidade autónoma onde presentou a garantía o nome e enderezo do segundo transformador, así como a cantidade entregada de materia prima. Esta comunicación deberase realizar, como moi tarde, nun prazo de 40 días hábiles contados desde o día da transacción.

3. No caso de que no proceso de transformación interviñese un transformador establecido noutra

Estado membro da Unión Europea, a comunidade autónoma onde se presentou a garantía comunicacional ao Fondo Español de Garantía Agraria, para establecer as comunicacións pertinentes recollidas na normativa comunitaria.

4. O transformador notificaralle a transformación da materia prima recibida á comunidade autónoma onde se presentou a garantía, mediante a presentación dunha «declaración de transformación.»

«ANEXO 10

Variedades de trigo duro susceptibles de acollerse en España á axuda específica á calidade na campaña 2004/2005

Alacón.	Colosseo.	Mundial.
Aldeano.	Concadoro.	Navajo.
Aldura.	Chago.	Nefer.
Alfaro.	D-2536.	Negriduro.
Altar-Aos.	D-2663.	Nuño, Yavaros C 79.
Amílcar (Almansur).	D-3816.	Orjaune.
níbal.	D-5262.	Orlu.
Antón.	Debano.	Páramo Td 330.
Aracena.	Delton.	Parsifal.
Arcobaleno.	Don Duro.	Pastor.
Arcoduro.	Don Francisco.	Pedrisco.
Arcolino.	Don José.	Pedroso.
Ardente.	Don Manuel.	Pelayo (Ag Ct 32).
Argos.	Don Pedro.	Peñafiel.
Ariesol.	Don Rafael.	Platani.
Aronde.	Don Sebastián.	Preco.
Arquero.	Dorondón.	Pryor.
Artena.	Duilio.	Quijano.
Artimón.	Durátón.	Radio.
Asdrúbal.	Durbel.	Regallo.
Astigi.	Durcal.	Rio Zujar.
Astrodur.	Duroi.	Roqueño.
ttila.	Durtres.	Rusticano.
Averroes.	Epidur.	Sachem.
Avispa.	Estribo.	Sajel.
Baliduro.	Excalibur.	Senadur.
Barcarol.	Extremeo.	Séneca.
Boabdil.	Fabio.	Simeto.
olenga.	Ga 0115.	Soldur.
Bolido.	Gallareta.	Soteño.
Bolo.	Garfio.	Sula.
Bombasi.	Gianni.	Tango.
Bonzo.	Helidur.	Tdr 97Sc.
Borgia.	Ibérico.	Tempradur.
Borli.	Illora.	Tiedra.
Bravadur.	Ionio.	Tito Nick.
Bronte.	Iride.	Toño.
Burgos.	Italo.	Tresor.
Camacho.	Jabato.	Valira.
annizo.	Kievlanca.	Verdi.
Canyon.	Llanos.	Vesuvio.
Capri.	Maduro.	Vetrodur.
Carioca.	Mellaria.	Vinci.
Carpio.	Meridiano.	Virgilio.
Cártago.	Mexa.	Vítrico.
Cibeles.	Molino.	Vitromax.
Ciccio.	Mon 0101.	Vitron.
Clarofino.	Moncayo.	
Claudio.	Mongibello.	

2308 *ORDE APA/201/2004, do 5 de febreiro, pola que se aproba o Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos para os plans de mellora das razas equinas.* («BOE» 33, do 7-2-2004.)

Os plans de mellora de équidos de razas puras poden incluír unhas probas de selección de cabalos novos para aquelas razas, cuxo obxectivo de selección sexa a aptitude para as diversas disciplinas hípias, de acordo co establecido no Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro, polo que se regula no ámbito das razas equinas, o réxime xurídico dos libros xenealóxicos, as asociacións de criadores e as características zootécnicas das distintas razas e a Orde APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e os controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura.

No anexo da mencionada orde, incorpóranse as características mínimas destas probas, que poden constituír a base fundamental da selección dos futuros reprodutores, tras avaliar os resultados de participación dos seus descendentes e colaterais conectados xenealoxicamente e cuxos resultados van poder ser incorporados aos esquemas de selección, para a súa valoración xenética a través do control de rendementos en doma, salto e concurso completo de equitación.

En consecuencia, procede a aprobación do Regulamento básico para o desenvolvemento das probas de selección de cabalos novos para as diversas disciplinas hípias no marco dos esquemas de selección das razas equinas.

Esta orde ministerial adóptase de conformidade coa disposición derradeira primeira do Real decreto 1133/2002, do 31 de outubro.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades afectadas.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. Aprobación do Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos.

Apróbase o Regulamento básico das probas de selección de cabalos novos no marco dos plans de mellora das razas equinas, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Axudas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer axudas para cubrir os gastos de participación e organización das probas, así como incentivos polas cualificacións obtidas e para a realización de cursos de formación de cualificadores.

Disposición transitoria única. *Presentación de propostas das probas de selección.*

Para o ano 2004, as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas poderán presentar propostas das probas de selección ou documentación complementaria ás propostas xa presentadas segundo a Orde APA/1018/2003, do 23 de abril, pola que se establecen os requisitos básicos para os esquemas de selección e os controis de rendementos para a avaliación xenética dos équidos de raza pura, nun prazo máximo dun mes desde a entrada en vigor desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de febreiro de 2004.

ARIAS CAÑETE